

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

PRIMEIRA.- *Portos de Galicia. Redución da contía da tarifa X-5.*

Nas instalacións deportivas construídas por Portos de Galicia e xestionadas por particulares mediante a correspondente concesión ou autorización administrativa que á entrada en vigor desta lei inclúiren nos pregos de condicións a redución da contía da tarifa X-5 de ata o 15% por subrogarse nas obrigas de pagamento dos suxeitos pasivos que utilicen as instalacións, manterase esta redución mentres estea vixente ese título administrativo. No caso de modificación ou prórroga deste, aplicarase o disposto na regra décimo terceira da tarifa X-5, contida na sublínea 01 da alínea 99 do Anexo 3 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

